

ROUCCO SON

Falamos de rock en galego

Número 13- xaneiro 2022

Publicación gratuíta
Colle unha!



CRUZEIRO
WISDOM
MENINHOS DA RÚA

ALENDALÚA
GLUT!
TEIMA

INMACULA MORTEM
MADAME GERMEN
ARRHYTHMIA

XERIÓN
ORFOS
LISKA!



A banda coruñesa de doom metal Cruzeiro vén de lanzar o seu álbum homónimo, que é tamén o primeiro traballo que editan coa súa nova vocalista Bea Onix. Este disco de 40 minutos componse de catro cancións longas de puro doom metal na súa vertente máis stoner e sludge, baixo a influencia explícita de bandas míticas coma Electric Wizard, Acid King, Reverend Bizarre, Cathedral ou Black Sabbath. O cuarteto xa dera a coñecer o primeiro tema, “Aquarius”, nun vídeo con letra lanzado

semanas antes, mentres que a canción de peche, “Al-Quibla”, xa aparecera na súa demo tamén titulada Cruzeiro (2019), gravada aínda como trío coa voz do guitarrista Gon B.

Esta última canción, xunto coa nova “Balor, As Sete Pálpebras”, destaca por estar en galego, xa que non son moitas as bandas de doom metal que polo momento se decantaran por cantar na nosa lingua. Porén, Cruzeiro leva apostando por este camiño dende os seus inicios. “The/Owls/Are/Not/

What/They/Seem”, por outra banda, xa tiveramos a ocasión de escoitala en versión demo tamén, pero esta vez xa con Bea as voces logo da súa incorporación á banda en 2020. Son temas longos, hipnóticos, pesados e psicodélicos, como só se pode agardar do estilo que nos ocupa.

Os coruñeses apostaron forte para a edición desta opera prima, que consta de versión tanto dixital coma en múltiples formatos físicos. Por unha banda, a edición en CD, presentada nun digipack

coidadamente deseñado, está a cargo dos selos Vertebrae e Intertellar Smoke Records, que tamén conta con sacar unha versión en vinilo. Por outra banda, Lunar Seas Records e Caín Records encargáronse de editar a obra na clásica casete. O disco foi gravado, mesturado e masterizado en Moon-tower Studios por Javi Félez en setembro de 2020, polo que cabe pensar que a banda leva dende entón preparando este gran lanzamento co que levar a súa música o máis lonxe posible.

QUE SEMPRE TENAMOS
UN DÍA QUE *festexar*,
UN *agasallo* QUE DAR
E UN COCHE QUE *gañar*



GRAZAS A

Compostela
Monumental

COMERCIO DO CASCO HISTÓRICO



Durante os meses de decembro e xaneiro, e ata o 14 de febreiro, sorteamos un coche Dacia Sandero de M.Caciro (Grupo Caciro) e dous televisores de 32". Solicita o teu boleto ao facer a túa compra en calquera establecemento asociado a Compostela Monumental, cúbreo, depositao na urna e... boa sorte!

Entrevista

Raposa, de Cruzeiro: "O grupo fíxose para desfrutar a experiencia do directo, que é case intransferible ás gravacións"

O primeiro álbum de Cruzeiro está a colleitar unha cálida acollida na prensa especializada, aparecendo na lista dos mellores discos do ano de varios medios, e o cuarteto coruñés xa o presentou ao vivo nunha xira cos navarros No Sanctuary. Dende Rouco Son falamos co seu baixista, Raposa, para que nos contase os detalles deste disco, da xira de presentación e dos vindeiros pasos da banda.

Pasaron uns poucos anos dende a fundación do grupo ata o lanzamento do voso álbum, pero foi un lanzamento ao grande, co apoio de varias discográficas. Estabades agardando o momento xusto ou simplemente tocou cando tocou?

As dúas cousas, en realidade. Nós estabamos inclinados a preparalo o mellor posible, e realmente o que queríamos era andar máis por aí a poñer en práctica o noso son en directo o máximo posible, que é o propio na nosa música, pero logo coa pandemia... Pois puxémonos a concentrar os esforzos na gravación, e como a cousa seguía, na mestura, e logo na edición, e logo na distribución... Cada un do grupo púxose co que mellor dominaba e logo con todas estas discográficas, que confraternizaron moi ben entre elas tamén, pois conseguimos este lanzamento tan de "frente amplo".


Que tal foi o recibimento do disco e da xira de presentación?

Pois xenial! Non podemos dicir moito máis... É curioso andar recompilando as cousas que a xente vai dicindo ao escoitalo disco, tanto as que tiñamos moi claras como as que só se da un de conta cando llo di un terceiro... Sorprendeunos que non a poucos lles pareceu unha aposta algo así como arriscada, sobre todo nos medios máis exclusivos do metal, cando a nós sempre nos pareceu un

proxecto que si que é algo rizomático, pero que tamén nos sae de maneira moi natural e confiada. Así que, se gustou por iso, ou a pesar diso, pois xa quedamos dobremente contentos. Tamén desfrutamos moito tanto de achegalo xénero á xente do país, e con el a tantos outros artistas cos que nos relacionamos, directa ou virtualmente, como ao revés, de achegar a nosa visión particular do doom dende aquí, a sitios de bastante lonxe, grazas a que hai un interese moi ben repartido polo mundo por apoiar moito a este tipo de música, sen importar as distancias.

Optastes por un nome en galego, e a metade dos temas do álbum están escritos na nosa lingua. Por que?

Si, bueno, incluso mativemos o lusismo, xa que a sonoridade do nome é, digamos, recoñecible igualmente por todos e todas. Igual co símbolo, máis polo telúrico que evoca e o elo-cuente que é para representar a pesadez do xénero, en tódolos sentidos... En realidade nunca tivemos ningún debate sesudo sobre a orientación "lingüística" da banda, así que xa dende a apertura de miras e a tolerancia de tódolos membros pasados e actuais, sen ser todos nin galegos nin galeguistas necesariamente, pois tivemos liberdade total para expresarnos. Facemos as letras en galego, porque non deixa de ser a música dun lugar concreto, o noso, pero non re-





nunciamos ao inglés, sen que esta lingua teña que abafalas outras por esa teima tan parva de intentar ser o máis internacionais posible. Tiñamos tamén unha letra en catalán, galego en verso medido, tanteamos no seu momento sonoridades máis obviamente rifeñas... Se xa a nosa reinterpretación do xénero, que é xa moita mestura de varios subxéneros, non é moi ortodoxa, non nos iamos cortar coas linguas...

O doom metal é quizais un dos subxéneros do metal con menos tradición en Galicia. Por que pensades que un xénero que a priori parece menos extremo que outros, como é o doom, adoita ser a ovella negra cando se fala de metal?

Pois a verdade é que nós tampouco o entendemos moi ben... É dicir, poderíamos pensalo un pouco e seguro que lle atopamos algunha causa lóxica, pero non se explica precisamente coa boa aceptación que ten en tantos sitios e tan próximos cultural e comercialmente ao noso se falamos de metal, como Portugal, Inglaterra, Alemaña... Para nós, seica pola súa conexión máis ou menos feble pero determinante co stoner, e incluso coa psicodelia, ou outros "rocks nostáxicos" fillos dos 60 e 70, ata nos parece o metal máis popularizable dos que contamos no país, sobre todo por esta flexibilidade que ten, que é tamén a orixe do noso interese por

el para o proxecto. O doom está formado por unha matriz bastante voluble, aínda que ao mesmo tempo é unha vía estilística bastante segura.

Na imaxe da banda pode apreciarse unha certa reminiscencia de

"En realidade nunca tivemos ningún debate sesudo sobre a orientación "lingüística" da banda. Givemos liberdade para expresarnos"

sas bandas setenteiras de temática ocultista. Foi algo casual ou algo buscado?

Pois as dúas cousas, en realidade. Cando un xénero xa está ata certo punto 'inventado' e un anda a intentar bailar ese xogo entre a imitación,

"O doom está formado por unha matriz bastante voluble, aínda que ao mesmo tempo é unha vía estilística bastante segura"

o manierismo e a ruptura tan común, non pode deixar de respetar, moitas veces sen ser plenamente consciente, certas tipoloxías ou estilemas precentes. Isto aconteceunos, en realidade, tanto na parte gráfica como

na lírica como na instrumental. As tres esferas acaban actuando ao final como contenedores xa algo predeterminados, onde xogamos a variar sobre unha temática dada e, dependendo da maior ou menor gracia coa que o fagamos, aí pode atoparse o

noso pequeno pero moi persoal mérito. Así, na parte gráfica da imaxe, pero tamén das outras, hai moitos temas xa "acontecidos", como o gravado barroco, a ciencia ficción pulp ou moderna, o cartelismo europeo modernista que xa fora moi revisitado no San Francisco dos 60... E ao mesmo tempo, si que aparecen contidos formais propios e da terra que un ten case que xogar a ir atopando.

Falando de imaxe, tamén chama a atención a portada do álbum, inspirada nunha imaxe da célebre e pioneira cosmonauta Valentina Tereshkova. A que se debeu esta elección?

Bueno, creo que nos gusta que as referencias, xa sexa na música, na imaxe ou nas letras, como comentabamos antes, teñan sempre un tempo e un lugar, a pesar de que poidan chegar a aparecer tan veladas que case desaparezan. No caso das

e dos cosmonautas e da temática espacial en xeral, sen esquecer certa ironía coa que sempre se mira a calquera pasado moderno ou algo cercano, case que simplemente é unha chamada a non ser tan ianqui ou tan triunfalista sobre aquela carreira espacial, que pode ser retro e molar, sí, pero hai que saber onde tocar máis e onde menos...

Cun álbum tan ben recibido na rúa e xa presentado ao vivo, cal é o seguinte paso para a banda?

Pois seguir! A verdade é que como tivemos a "sorte" de ter tanto tempo entre a pandemia e todo, non só puidemos preparar e meditar bastante ben o noso debut, senón que tamén nos deu tempo a andar argallando e acumular xa bastante material para futuros e variados proxectos, e non todos van ser necesariamente discos en serie ou demasiado ortodoxos... Pero, sobre todo, tamén queremos desfrutar moito dos directos e levar a nosa chenchu por moitos sitios, e misturarnos e aprender desas outras bandas coas que poidamos coincidir, porque en realidade o grupo xa se fixo para iso, para evolucionar e non parar, pero sobre todo para disfrutar da experiencia do directo, que no noso caso entendemos case que é intransferible ás grabacións, aínda que tamén o pasamos ben rompéndonos a cabeza intentándoo...



Grupos de Vigo crean unha plataforma para esixir salas de ensaio públicas



As músicas e músicos vigue- ses levan dende o comezo da pandemia sen ter acceso a unhas salas de ensaio públicas e gratuítas na cidade. Coa desescalada do confinamento en 2020, as salas de ensaio privadas e as públicas de moitos concellos galegos volveron de xeito máis ou menos continuo á súa actividade, mais non as de Vigosónico, en Valadares, as únicas do seu tipo que quedaban en Vigo logo do peche das da Casa da Xuventude ou as do Castro. Despois de meses sen información ao respecto, as usuarias e usuarios de Vigosónico recibiron a mensaxe de que podían por fin ir buscar o seu material, tras meses en condicións de humidade descontroladas, xa que o peche que no seu momento foi temporal sería indefinido.

Estes feitos suscitaron unha serie de protestas que continúan a día de hoxe, máis dun ano despois deste peche indefinido. Por iso, integrantes de bandas de Vigo e da zona uníronse agora en torno á plataforma Grupos de Vigo en Loita, para demandar

“unhas salas de ensaio públicas, gratuítas e accesibles a disposición de todas as músicas e músicos vigue- ses”, coa reapertura de Vigosónico “como mínimo”, sendo ideal tamén a reapertura do resto de espazos pechados nos últimos anos. A plataforma ten xa presenza nas diferentes redes sociais.

Dende Grupos de Vigo en Loita denuncian “a perda de espazos de ocio e culturais para a mocidade e para a poboación xeral”, nas que se encadraría o peche de Vigosónico e das súas predecesoras, que eran máis accesibles pola súa situación máis céntrica na cidade. Un peche que dende o colectivo consideran “totalmente inxustificado por criterios sanitarios, como amosa a actividade das salas de ensaio privadas e as públicas de moitos outros concellos”. Hai uns meses, as bandas de Ferrol seguiron un camiño similar coa creación da plataforma Reapertura Xa Locais de Ensaio Ferrol, que segue a desenvolver a súa actividade para esixir a reapertura dos locais do mercado da Magdalena.



Os grupos musicais de Vigo organizáronse nunha plataforma común para esixir salas de ensaio públicas, gratuítas e accesibles, pasando pola reapertura de Vigosónico, na actualidade pechado por un tempo indefinido.

A HISTORIA DO METAL EN GALEGO: Capítulo III (2000-2004)

Coa chegada do novo milenio, o metal feito na nosa lingua comezou expandirse considerablemente, chegando por tal, e bandas como Inmacula Mortem, Alendalúa ou Xerión (e a súa banda precursora Regnvm Irae) empregaron o galego na súa música, xa levaba unha década contando aquí con moitos expoñentes, pero é agora cando bandas como Wisdom e Glut! comezaron a levar o crust punk na cidade da Coruña, con Madame Germen como principal expoñente da escena que empregou a lingua galega nos seus traballos, da banda de nu metal Meninhos da Rúa... Incluso bandas tan famosas coma Los Suaves, ou mesmo os madrileños



Regnvm Irae



Glut!



Wisdom



Comecemos, pois, polo caso do black metal. A finais dos anos noventa, este estilo, nacido como tal menos dunha década antes, era a novidade na escena extrema galega, dominada ata entón polo death metal e polo hardcore. Por iso foi especialmente relevante o feito de que, dende a súa mesma aparición, varias das súas bandas principais empregasen o galego para a súa música, unha tendencia que aínda continúa forte hoxe en día. A ourensá Regnvm Irae, que combinaba temas en galego con outros en castelán ou mesmo en latín, foi unha das principais precursoras, e o seu membro fundador Nocturno deu un paso adiante que foi clave coa fundación no ano 2000 do selo Nigra Mors. A discográfica comezou editar a varias bandas internacionais, e tamén galegas, como Alendalúa, que incluíu varios temas en galego nos seus traballos Orpheus (2000) e No Solpor da Inocencia (2002), ou a xa practicamente galegófona ao completo Xerión.

Xerión, da que xa vos temos falado anteriormente nas páxinas desta revista, foi inicialmente unha banda formada unicamente por Nocturno, un tipo de formación habitual no black metal dende os seus inicios. Con esta formación saíron dúas maquetas moi influíntes: O Espírito da Fraga (2001) e O Trono de Breogán (2002), así como un disco compartido coa mítica banda catalá de black metal Foscor. De feito, neste último disco, titulado Xerión vs. Foscor (2003), os cataláns versionan, mantendo a súa lingua orixinal, «Na noite dos tempos», mentres que Xerión fixo o propio con «Guerrers de la foscor» dos cataláns. Logo, Nocturno sumaría ao proxecto á teclista Daga, coa que aínda continúa na for-

mación, e outros varios membros cos que editaría un gran número de traballos de gran calidade ata o día de hoxe, convertíndose nunha das máis prolíficas bandas galegas.

Por outra banda, o black metal non só xermolou nestes anos en Ourense. Tamén o fixo en Lugo, en Palas de Rei, na Coruña, en Compostela, en Vigo... E en Soutomaior, onde Inmacula Mortem editou a súa demo en CD Mencer (2001), con letras en galego, hoxe unha peza de coleccionista case imposible de atopar. A banda disolveríase en 2003, máis, das súas cinzas, Balc e Virus crearían unha das bandas máis senlleiras e veteranas do black metal galego, Balmog, coa adición do baixista Morg (procedente de Mydgard). Balmog, hoxe un cuarteto, vén de sacar o seu cuarto álbum de estudio completo, Eve, en 2021.

Non hai que esquecer, en todo caso, que o black metal é un estilo no que dende as súas orixes, especialmente en Escandinavia, foi particularmente frecuente que as bandas empregasen as súas linguas propias. O elemento de vencello coas raíces tan habitual no black metal, como é sabido, foi levado en algúns casos a extremos inaceptables por un grupo de bandas de ideoloxía fascista que, desgraciadamente, lograron unha sobredimensionada proxección mediática; pero na meirande parte dos casos, simplemente serviu para que moitas bandas alleas a esas derivas se animasen a cantar en linguas que non fosen necesariamente o inglés, e así foi tamén no caso galego.

Falando xa de death metal en galego, non se pode non falar dos ferroláns Wisdom. Esta banda percorreu boa parte das

etapas históricas do metal extremo galego: a principios dos anos 90 practicaba un thrash metal que os facía coetáneos de Xudef Klas, Scum ou Hatred; logo entraron de cheo na escena de death metal e grindcore noventaíra galega; e no ano 2003, coa publicación do CD Que te Confunda o Demo, levaron ó seu death/grind, clásico e a velocidade de infarto, a lingua galega. Os suxerentes títulos de cancións tan propios deste estilo musical nunca sonaran tan enxebres. A continuación deste disco non chegaría ata 2011 co álbum Podre, tamén un discazo en toda regra. A partir dese punto, o grupo tocaría tamén baixo o nome de Os Podres, sacando un EP con esa denominación en 2014.

Glut!, procedentes de Camariñas e fundados en 2001, tamén comezarían facer death metal en galego, empezando coa demo Morto (2004). Neste caso estamos ante un grupo de brutal death metal, tamén con elementos do grindcore: dificilmente pode haber algo máis extremo ca isto. De feito, falar de letras en galego nestes casos pode ser debatible, xa que moitas veces os berros non seguen ningún idioma real, e se inclúen no libreto letras feitas a posteriori máis por engadir ao impacto e á estética xeral que por unha necesidade de cantar frases reais. Os blast beats case constantes, as afinacións graves, os guturais profundos e as atmósferas de película gore son os verdadeiros protagonistas desta música. Nos anos seguintes, Glut! sacaría os álbums Origen da Tragedia (2006) e Trastorno Depresivo Perpetuo (2009), tras os cales a banda cesaría a súa actividade, aínda que varios dos seus membros farían parte doutras bandas, algunhas delas ta-

primeira vez a moitos novos subxéneros. Son os anos, por exemplo, nos que comeza florear en Galicia o black metal en varios traballos que foron fundamentais para o desenvolvemento do estilo no país. O death metal, por outra parte, comezan empregar a lingua neste estilo. Tamén é a época dourada dun estilo tan relacionado co metal como é o galego na súa música. E atopamos tamén temas en galego da banda de heavy metal Orfos, dos power metaleiros Trashnos e dos Mägo de Oz, coquetean co noso idioma, dando proba da súa potencialidade.

Orfos



Madame Germen



Mägo de Oz



mén en galego.

O crust punk, por outra banda, pode soar a algo afastado ao metal, pero nada máis lonxe da realidade. Este estilo, que tanto floreceu nestes anos tanto na Coruña como noutras cidades e vilas galegas tivo dende as súas orixes nos anos oitenta unha importante vinculación co metal, especialmente con estilos extremos como o thrash e o black. É o caso tamén dunha das súas bandas galegas máis destacadas, e a principal en empregar o galego no estilo: Madame Germen, na que ademais podemos atopar varios membros que tamén pertencerían a outras bandas de metal. Esta agrupación tivo unha vida relativamente breve, pero ao longo dela sacou tres traballos de gran calidade: As Cicatrices do Paraíso (2003), Madame Germen (2004) e Invocación á Morte (2005). Tres discasos que condensan á perfección o por que do status mítico do crust coruñés, co engadido de telo feito na nosa lingua.

Iso si, non todo foi extremo no metal en galego destes anos. O grupo vigués de heavy metal Orfos, que comezou a súa andaina nos anos noventa, tendo previamente o nome de Pantokrator, combinaba o castelán e o galego. Sacou dúas maquetas tituladas Orfos nos anos 2000 (aínda co vello nome) e 2004, e posteriormente sacaría dous álbumes, Naialma e Noctarium, antes de disolverse en 2010. Meninos da Rúa, por outra banda, entraban no paraugas do que se deu en chamar nu metal, nome co que se agrupou a bandas que mesturaban en diferentes medidas rock alternativo, hardcore, hip hop e metal. Sacaron o seu único traballo, o álbum Negativo, en 2001. Tamén hai que mencionar

ao grupo de power metal Trashnos, que incluíu a balada «Alén» no seu álbum do mesmo nome de 2004.

E, por suposto, non podía faltar nesta reportaxe a banda máis mítica do rock duro e o heavy metal galegos: Los Suaves. Aínda que este grupo fixo a gran maioría da súa carreira en castelán, moitas veces fixeron bandeira das súas raíces galegas, como amosa por exemplo «O afiador»: unha versión en galego dun tema aparecido previamente no seu álbum Santa Compañía de 1994, que veu a luz no ano 2002 na recompilación Un Paso Atrás en el Tiempo. Que unha banda tan lendaria coma Los Suaves se animase a facer un tema en galego era sintomático da crecente aceptación que a nosa lingua tiña como vehículo válido para calquera tipo de expresión artística, e iso inclúe, como non podería ser doutro xeito, á música heavy.

Porén, Los Suaves non é o único gran nome do metal máis popular que hai que escribir na historia do metal en galego destes anos. Especialmente notable é o caso do flirteo coa nosa lingua dunha das bandas españolas de metal máis famosas de toda a historia, a madrileña Mägo de Oz. A mestura entre folk e power metal deste archicoñecido grupo ten unha necesaria vinculación coa música celta e coa tradición musical galega, ata o punto de que, a pesar de proceder de fóra das nosas fronteiras, teñen declarado en varias entrevistas que máis dunha vez a xente ten dado por feito que son un grupo galego. Despois de varios traballos de crecente éxito, este vencello con Galicia chegou á súa máxima expresión co seu cuarto álbum de estudio, Finisterra (2000). Este álbum foi o que catapultou de-

finitivamente á fama á banda, e dende o seu propio título, en referencia a Fisterra, fica claro que estamos ante un disco inspirado pola nosa terra, como se pode ver tamén na súa portada. E é que o disco está inzado de alusións a Compostela, ao Camiño ou ao Apóstolo Santiago.

En Finisterra, un álbum conceptual ambientado nun futuro distópico, atopamos dúas cancións tituladas en galego: a instrumental «A Costa da Morte» e «Conxuro», que recolle unha recitación do mítico conxuro da queimada, en galego, sobre a música folk metal do grupo. Aínda que se trata de cancións instrumentais ou con recitacións e non de cancións cantadas polo vocalista da banda, non deixa de ser un caso significativo. En 2003 o grupo editaría o DVD ao vivo gravado en Cedeira A Costa da Rock, e os guiños á nosa terra continuarían durante o resto da súa carreira. De feito, varios músicos que viven en Galicia ou con orixes galegas formarían parte da banda, como o guitarrista afincado na Coruña Manuel Seoane ou o guitarrista berciano Víctor de Andrés, que tamén estivo en bandas galegas como Megara ou Pacho Brea. E dende hai uns días tamén é membro do conxunto o teclista aresán Manuel Ramil.

A todas as bandas anteriormente mencionadas hai que sumar, por suposto, a continuidade de bandas das que xa vos temos falado en capítulos anteriores desta serie de reportaxes, como Astarot, Túzaros ou Zënzar. O desenvolvemento e a expansión do metal en galego foi xa imparable, e ditos procesos continuaron ao longo dos anos seguintes. Pero iso xa corresponderá ao seguinte capítulo...

Mateo, de Teima: "A arte pode ser un mecanismo clave para transformar a sociedade"

Teima é un cuarteto de metal alternativo formado en 2018 en Vimianzo. A pesar da súa aínda breve traxectoria, os soneiráns acadaron co seu primeiro sinxelo e videoclip "Lume en espiñas" unha considerable repercusión, con miles de escoitas nas plataformas dixitais. Este tema foi gravado nos Estudios Mafia do Carballiño e está adicado ós afectados pola vaga de incendios forestais en Galicia en 2017. Agora estean "Túa nai é meigha", baseada na canción tradicional "Eu chorar, chorei" e tamén acompañada de videoclip. A situación sanitaria impediu que poidamos desfrutar o tema en directo o 29 deste mes, cando tiñan previsto un concerto por todo o alto na Sala Malatesta de Compostela xunto aos muradáns Deleiba e os amesáns Biribirlocke. Pero máis cedo que tarde poderemos desfrutar desta cita nos escenarios. Para ir matando as ganas mentres tanto, dende Rouco Son falamos cun dos guitarristas e vocalistas da banda, Mateo Pichel, que estivo entre os fundadores do grupo hai catro anos. Mateo fálanos dos detalles do seu último tema, dos seus pasos e a seguir, e sobre a escena galega en xeral.

O voso primeiro tema e videoclip, "Lume e espiñas", tivo unha gran acollida. Segue a estar en forma o metal en Galicia?

Pois, a verdade, despois de case 10 meses da estrea de "Lume e espiñas", nós, nin nos nosos mellores soños, pensamos que iamos acadar tal acollida. A día de hoxe seguimos un pouco en shock. Non podemos estar máis contentos respecto a iso.

Podemos dicir que o metal dende que naceu tivo os seus máis e os seus menos, pero estamos lonxe de falar da súa morte. Isto podémolo aplicar tamén en Galicia ao meu ver, como a escena dende as primeiras bandas que xurdiron se foi moldeando e transformando segundo os contextos que ían aparecendo. Podemos, pois, dicir que o metal está en forma na nosa terra, con múltiples bandas que van xurdindo e outras tantas que manteñen viva a súa chama, dende bandas máis ligadas ao metal máis extremo ou con tintes máis clásicos ou alternativos. Sen dúbida, hai onde escoller!

Nese "Lume e espiñas" escoitamos un metal alternativo que trae á mente a grandes bandas galegas do xénero, pero tamén cun gran protagonismo dos riffs de guitarra propio do metal máis clásico. Cales son as vosas referencias?

Poderíamos dicir que esta é unha pregunta ben complexa! Nós sempre dicimos que as nosas máximas influencias e inspiracións viñan da liña do metal que facían bandas máis "dousmileiras" da escena galega como ben pode ser Machina ou mesmo Nao, pero é evidente que, como individuos, cada un dos integrantes temos as nosas inxenuidades e diferenzas. Podemos dicir que as fontes das que bebemos son múltiples e pintorescas e, por que non, tamén clásicas. Non adoitamos encaixarnos en xéneros moi concretos, dado que igual temos temas con tendencias máis stoner, outros máis alternativos, e outros que tenden á esfera do punk. Supoño que o bonito do asunto tamén é atopar un certo equilibrio e, ante todo, pasalo ben tocando entre amigos.

Nas comarcas da Costa da Morte en concreto hai non poucas bandas de rock e metal que dan moito de que falar. Poderíamos dicir que hai unha escena propia?

Esta pregunta faime algo de gracia na vía en que se abre o eterno debate costeiro, "Muros, ser ou non ser da Costa da Morte, esa é a cuestión" (risas). Pois ben, se consideramos que Muros pertence á Costa, vemos como si que hai unha ben rica escena musical, con auténticos grupazos destas terras, como os nosos colegas Deleiba, Evil Bastards, Os desterrados, entre outras moitas, aínda que algúns destes igual pertencen máis á zona de Carnota, digamos que son límites difusos. Pero bueno, se nos baseamos na miña visión particular, eu son pro-acoller a Muros (risas).

Voltando ao asunto da pregunta, si é certo que pode que haxa unha escena crecente na Costa da Morte, e non só ligada ao metal ou ao rock, hai moito punk! Se botamos a vista atrás vemos como





Xaquín, Pablo, Mateo e Fabio forman Teima

si que por aquí pasaron bandas moi boas que, por desgracia, por idade ou outras circunstancias nunca puiden ver, como puideron ser os camariñáns Materia, Demented ou Kelanse, ou os vimianceses ColDaySun, tamén mesmo, na parte de Cee e Corcubión, The Suffering. É certo que falar de grupos cunha única ubicación é complexo, xa que moitos deles estaban formados por xente de diferentes puntos da Costa da Morte. Xa máis na actualidade, e para non enrollarme máis (risas), cabería mencionar a bandas costeiras coas que coincidimos nalgún momento ou temos unha boa relación, como ben poderían ser os Bastardos de Rivera, Lóstregro, ou Almáanimal. Desta forma, se ben é certo que se está a crear unha escena costeira de música máis “duriña”, este vai ser, sen dúbida un fronte ben amplo e con cabida a múltiples e diversos xéneros!

Que poderemos ver neste novo videoclip que preparastes?

Pois a este novo clip optamos por darlle unha dimensión máis narrativa, onde se nos vai contando unha historia “circular”. O tema en cuestión é a canción tradicional “Eu chorar chorei”, a cal collemos e tentamos levala ao noso rolo, intentando tamén enfocala dunha forma máis literal, pois moitas veces interprétase dunha forma máis lúdica ou en contextos de festexo, pero literalmente a letra fala de estar moi “fastidiado” un domingo pola tarde, cousa que realmente nos pareceu moi metal (risas). Tamén, optamos por un tema tradi polo feito de que parte dos membros de Teima, como eu mesmo, estivemos moi vinculados ao mundo da música tradicional ao longo das nosas vidas, e pareceunos unha referencia bonita a esta parte das nosas vidas.

No vídeo podemos ver como fío condutor da historia unha pedra que se pinta de “sangue”, a cal simboliza unha especie de “ritual” que invoca

a tres entes que virían a representar como a tristeza ou a desolación, as cales comezan unha peregrinaxe ata o lugar onde nós nos atopamos, onde se desenvolve toda a acción, que culmina coa nosa transformación en pedra.

O video foi feito dunha forma totalmente autogestionada e contamos coa colaboración, tanto no clip como no tema, das voces das compañeiras e amigos da banda Adela Dios, Emma Curra e Noa Pichel. Na rodaxe botáronnos unha man tres grandes amigos do grupo tamén, quen xa nos axudaran no de Lume e Espiñas, Raúl Parga, Manuel Rincón e Roberto Miñones, e a montaxe do mesmo foi a mans do noso super batera Pablo Alvite. Tamén cabe facer unha mención especial ás estatuas que nel aparecen, así como ó taller de escultura, o cal pertence ao artista vimiancés Suso Vimianso, así o podedes atopar no Facebook, quen estivo disposto dende o principio a axudarnos e a prestarnos todo o seu traballo artístico, o cal non ten desperdicio!

No voso anterior tema tratades o tema dos incendios forestais en Galicia, e tedes apoiado outras causas, como a do Santuario Vacaloura cun concerto benéfico. É importante que as bandas se posicionen nos conflitos sociais?

Eu estou bastante convencido de que a arte pode ser un mecanismo clave para transformar a sociedade, e se esta ferramenta se pode usar para facer visibles problemas da realidade que compre revisar ou que poderían facer do mundo un lugar máis xusto, debemos facelo. Claramente non digo que a arte teña que responder sempre a estes parámetros, pois tamén a entendo como un reflexo da sociedade mesma, pero creo que si está ben utilizala como medio para abrir certos “melóns” que as veces semellan moi duros. Polo tanto, penso que si é importante que os grupos, neste caso, se posicionen ante situacións de inxustiza ou teñan unha visión clara en

certos temas, e considero que os meus compis de banda teñen unha visión bastante semellante a esta.

Cando chegará o voso primeiro traballo completo? Que plans que nos poidades contar tedes para el?

Voltamos a unha cuestión ben complexa (risas)! Ben é certo que temos xa un número aceptable de cancións propias, o óptimo sería chegar a sacar un LP no que as poidamos recoller, pero isto é unha visión a longo prazo, dado que a realidade actual é que a situación dos músicos en Galicia, tras a crise sanitaria que levamos vivindo estes anos, é un auténtico desastre. Estamos, pois, plantexándonos mirar vías de financiación alternativas aos concertos para poder chegar a ese obxectivo, o cal, como digo, sería o ideal. Polo de agora isto é todo o que podemos dicir respecto a un futuro disco.

Aínda que, finalmente, a situación sanitaria impediu que se celebre na data prevista a finais deste mes, tedes pendente un concerto na Malatesta de Compostela con Deleiba e Biribirlocke. Como xurdiu esta xuntanza? Buscabades concretamente compartir táboas con máis grupos de rock en galego?

Si, é un concerto que nos facía un montón de ilusión, por tocar con grupos tan bos e cos que gardamos unha moi boa relación, pero, por desgracia, dada a situación que estamos a vivir, tivemos que adialo. É unha auténtica pena polo feito de que este concerto xa ía ser cando a pandemia comezaba, o cal fixo que xa o tiveramos que pospoñer para este ano, e agora tócanos outra vez a incertidume. E, por suposto, non cerramos as portas a tocar con outros grupos, sexan do xénero que sexan, consideramos que podemos aprender un montón e pasalo ben con case calquera banda que queira tocar con nós e así seguir medrando como grupo.



Tamén tedes tocado con Nuada, con Grilo... Semella claro que hai unha boa xeración de bandas que se moven no ámbito do rock ou do metal alternativo en galego coas que compartir escenario. Alguén máis que teñades pendente?

Si, sen lugar a dúbidas. Para nós foi un auténtico pracer compartir escenario con bandas como Nuada, cos que mantemos unha relación bastante estreita de amizade, ou Grilo, as cales, por suposto, tamén nos inspiran para seguir adiante co noso proxecto. E si, por suposto que temos pendente compartir escenario con máis bandas, molaríanos moito e si que estaríamos todos de acordo se digo que nos encantaría tocar con Broa ou Machina e, por suposto, con Dioivo, “guiño, guiño” (risas). A verdade é que non renegamos de ningún, estamos abertos ao que veña e a quen lle pareza ben.

A pesar da vosa recente formación e da situación sanitaria, xa tedes dado varios concertos. Que tal sobrelevastes o impacto da pandemia neste senso?

Pois desde o comezo da pandemia tivemos a sorte de poder tocar en dúas ocasións. A primeira foi no Chiringuito de Xan e Lore en Louro, onde fixemos un acústico un pouco máis “íntimo”, e o outro foi na Gentalha do Pichel en Com-

postela, xunto coa nosa colega Zeltia. Este último foi o concerto benéfico para axudar ao Santuario Animal Vacaloura. Está claro que, a pesar de que si nos vimos obrigados a parar un tempo e a sacar forzas para seguir adiante despois do bache da pandemia, probablemente non nos vimos tan afectados como outros grupos cuxos membros son de zonas diferentes de Galicia ou mesmo grupos que vivían de dar concertos, pois nós, polo de agora temos os nosos estudos e traballos a parte do grupo, sendo algo que facemos como hobby. Gustaríame facer aquí unha mención especial a grupos como Grilo ou Golpe Radikal que si estiveron parados e, tendo en conta o mal que nós o pasamos neste tempo, non me quero nin imaxinar como tiveron que estar eles.

Ademais de realizar ese concerto pendente na Malatesta, cal serán os seguintes pasos do grupo?

Pois a pesar de que non temos nada acordado, temos algunha cousiña pendente por aí para pechar en diferentes zonas de Galicia, a ver se agora ao sacar o clip comezamos movernos un pouco máis para presentalo en condicións en directo, sempre que a situación sanitaria o permita. Iremos intentar fluír un pouco coas circunstancias a ver a onde nos leva a corrente!

ARRHYTHMIA

Sala Malatesta de Compostela
25 de febreiro

O trío lucense Arrhythmia estará o vindeiro venres 25 de febreiro na Sala Malatesta de Compostela para presentar por fin o seu novo álbum, titulado I. Os de Lugo quentarán a noite compostelá coa súa mestura de rock alternativo e metal, que xa lles fixo hai tres anos merecedores dun Premio Martín Códax da Música e que volverá tan forte coma sempre con este novo disco. E iso xa o amosa o adianto que sacaron, «Espertei», un sinxelo acompañado de videoclip que veu a luz en Youtube o xoves 16 de decembro e co que xa están a colleitar unha grande acollida. Unha canción coa que o grupo, ademais, contribúe a visibilizar a importancia da saúde mental.

O agardado concerto de presentación e, en consecuencia, o lanzamento do disco, previstos anteriormente para novembro, tiveron que ser adiados un par de ocasións. As entradas previamente adquiridas serán válidas para esta nova data, e quen aínda non teña a súa pode mercala a un prezo de 10€.

A banda fundada en Lugo ten varios discos ás súas costas, incluíndo o EP III (2012) e o álbum II (2016), polo que este novo I parece vir a pechar a triloxía. Tamén foron sonados sinxelos como «A forza da razón» co grupo de hip hop Rebellom do Inframundo, «A cea dos malditos» con Pepo dos asturianos Desakato, ou «Voltarán». Polo momento, este novo «Espertei» xa se sumou a esta lista de temas que os seguidores da banda poderán escoitar ao vivo na Malatesta.



**¡Practica y mejora
tu inglés!**

Inglés on-line

CONSIGUE OPORTUNIDADES INTERNACIONALES.
TRABAJO • ESTUDIOS • VIAJES

Prácticas individuales de inglés on-line en la comodidad de tu casa.
Mejora tu pronunciación en conversaciones reales y con vocabulario del día a día.

Estudiantes | Negocios | Viajes | Profesionales | Empresas

ZOOM • MEET • TEAM • SKYPE

Inglés on-line



☎ 6 66 62 65 94

✉ larre.ingles@gmail.com

Sermos

O novo sinxelo de

Liska!

A banda viguesa de ska punk e reggae Liska! vén de lanzar «Sermos». Trátase do seu novo sinxelo, acompañado de videoclip, que pecha a serie de EPs República, e xa está dispoñible nas plataformas dixitais. O novo tema homenaxea á figura do veciño de Cuntis Xoán Xesús González, coñecido como o Canteiro de Sebil, e é un canto á memoria, á dignidade e á loita. Canteiro de profesión, mestre, xornalista e intelectual galego, González foi fusilado en setembro de 1936.

O vídeo gravouse no espazo natural da Canteira de Paredes en Vilaboa, Pontevedra, e recolle imaxes do documental O canteiro de Sebil, estreado polo colectivo Quintero do Umia en 2017. O tema foi gravado e mesturado por Javier Vicalo en The Dub Yard Records, en Vigo, e masterizado por Ibon Larruzea en Euridia, Bilbo.

A estrea do novo traballo acompaña o inicio dunha xira por salas que abre unha nova etapa na banda, e que comezou o venres 17 de decembro, en Vigo. Liska! continuará a xira ao longo dos vindeiros meses por todo o territorio galego, co obxectivo de presentar o seu último traballo discográfico, 'República 2.0', estreado en plena pandemia o pasado maio de 2020. O mencionado EP, tamén dispoñible nas plataformas dixitais e en formato físico, está composto por cinco temas relacionados co mundo do mar e o marisqueo ou coa migración, así como coa reafirmación da propia galegitude, cunhas letras combativas que fan do monolingüismo e da denuncia social o seus sinais de identidade.





**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímo-lo cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímo-la mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com